

PLC



PROXECTO
LINGÜÍSTICO
do CENTRO

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

ÍNDICE

1. Introducción	4
2. Marco legal	4
3. Contexto sociolingüístico e socioeconómico do centro	5
3.1. Localización do centro	5
3.2. Situación sociolingüística	6
3.3. Situación do profesorado	7
3.4. Situación do alumnado	7
3.5. Situación lingüística do centro	7
3.5.1. Educación infantil	8
3.5.2. Educación primaria	9
4. Obxectivos	10
4.1. Obxectivos de Dinamización Lingüística	10
4.1.1. Con relación ao centro	10
4.1.2. Con relación ao alumnado	11
4.1.3. Con relación ao alumnado sen dominio da lingua	11
4.1.4. Con relación ao profesorado	12
4.1.5. Con relación á lingua castelá	13
4.1.6. Con relación á lingua estranxeira (inglés)	14
4.2. Dominio das dúas linguas oficiais para alumnado estranxeiro ou doutras comunidades autónomas	14
5. Liñas de actuación	15
6. Recursos humanos e materiais	17
7. Distribución lingüística curricular	18
7.1. Educación Infantil	18
7.2. Educación Primaria	19
8.-.Criterios para o seguimento e avaliación do proxecto	21

1. Introducción

O obxectivo primordial do proxecto lingüístico de centro é impulsar e apoiar a posta en marcha dun proxecto global para a mellora da competencia na comunicación lingüística.

Estamos a redactar un novo proxecto para entrar nos marcos legais actuais e asemade reflexar o avance da realidade do noso centro sempre na procura da boa marcha cara o dominio en igualdade das linguas cooficiais na nosa Comunidade Autónoma, como doutras linguas: a estranxeira, neste caso o inglés, mais a breve introdución (non menos importante) á linguaxe de signos.

A lingua galega debe ser a lingua vehicular do Centro tanto nas tarefas de ensino-aprendizaxe como nas relacións sociais nos centros de ensino. Para o dominio da lingua escrita é condición indispensable o dominio da lingua falada, polo que debemos facer que entre ambas as dúas exista harmonía.

Ademais nun contexto de interculturalidade faise necesaria a promoción e a mellora das competencias lingüísticas e comunicativas nunha lingua estranxeira, que no caso deste centro é a lingua inglesa.

Tamén queremos ter en conta a aprendizaxe paulatina da lingua de signos, pois permite desenvolver ou mellorar a expresividade, capacidade valorada no ámbito da música, a danza, as artes escénicas, aumenta a memoria, favorece algunhas das funcións cerebrais como: a axilidade mental, a memoria ou a resolución de problemas; en resumo potencia a comunicación interpersonal que é un dos nosos máis sinalados obxectivos.

2. Marco legal

O marco legal no que se inscribe o proxecto e o desenvolto en primeiro momento na Constitución, no Estatuto de Autonomía, concretándose coa Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, e co Plan Xeral de Normalización Lingüística. Todas estas leis, desenvoltas actualmente co Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro.
- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2022, de 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia que especifica
 - Artigo 3.1:"Nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilízanse, con carácter xeral, a lingua galega e fomentárase o seu uso oral e escrito tanto nas relacións mutuas e internas, como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia".
 - Artigo 3.2:"As programacións e outros documentos didácticos das áreas de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva".
 - Artigo 3.3:"Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes como actas, comunicados e anuncios, usárase con carácter xeral a lingua galega, agás o referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado, radicados fóra da comunidade autónoma, nas que se utilizará o castelán".
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. Contexto sociolingüístico e socioeconómico do centro

3.1. Localización do centro

O termo municipal de Cambre está situado ao Noroeste de Galicia, na provincia de A Coruña. Está constituído por doce parroquias: Anceis, Andeiro, Brexo, Bribes, Cambre, Cecebre, Cela, Meixigo, Pravio, Sigrás, O Temple e Santa María de Vigo.

O crecemento da poboación mantén unhas características positivas e bastante equilibradas.

A densidade media varía segundo a parroquia. Combina zonas completamente rurais e zonas de cidade dormitorio con moitas urbanizacións de vivenda adosadas cun nivel socio económico máis elevado.

Gran parte da poboación desprázase á cidade da Coruña para as súas actividades laborais. A situación económica difire dunhas familias a outras, mais tendo en conta a necesidade de comedor escolar moi solicitado, é un indicador, asemade a solicitude de libros de préstamo, chegamos á conclusión que a meirande parte do alumnado é de clase media - baixa e baixa.

3.2. Situación sociolingüística

O alumnado deste Centro está distribuído do seguinte xeito:

4ºEI	5ºEI	6ºEI	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
25	29	28	43	48	57	50	50	72
TOTALE.INFANTIL=82			TOTALE.PRIMARIA=320					
TOTALALUMNADO=402								

A lingua galega é minoritaria no seu uso oral e escrito.

A lingua máis falada a nivel coloquial é a castelá, lingua que se usa na maioría dos fogares da contorna.

En canto ás familias, en consonancia co dito anteriormente, existe un predominio no emprego do castelán. A actitude dos país/nais cara á utilización do galego no ámbito educativo, consideran na gran maioría que a adquisición de varias linguas enriquece e inflúe na maduración dos seus fillos/as mais non empregan o galego no ámbito familiar nin nas relacións sociais.

3.3. Situación do profesorado

En canto á situación lingüística do Centro, o profesorado usa coloquialmente, na súa maioría a Lingua Castelá, aínda que se está a traballar dende o EDLG e imos en bo camiño. A nivel administrativo emprégase o galego como lingua oficial en todas as comunicacións que se remiten dende o Centro, así como de xeito xeral nas documentacións das reunións convocadas por persoal do centro, nas publicacións en papel ou en formato dixital como os distintos blogs e a páxina web do centro.

Nas reunións emprégase maioritariamente o castelán, máis ter en todas profesorado que comece seus discursos en galego move o discurso en favor desta lingua, polo que está a traballar máis o EDLG.

En xeral, na relación persoal co alumnado, cada profesor utiliza o galego ou o castelán, segundo o contexto, criterios persoais... Na maior parte dos casos úsase o castelán por ser a lingua máis empregada por mestres e alumnos.

3.4. Situación do alumnado

Como se nomea en apartados anteriores a meirande parte do alumnado emprega o castelán entre iguais, co profesorado, co persoal non docente, coas súas propias familias e no resto de relacións sociais. Coñecen e comprenden en gran medida na linguaxe oral mais carecen de expresión escrita espontánea.

Non se observa unha actitude negativa cara o galego. Cando hai actividades de certas celebracións ou a radio escolar (proxecto piloto) os voluntarios atopan dificultade no seu uso pero non amosan rexeitamento cara a lingua.

3.5. Situación lingüística do centro

Podemos resumir: En canto á organización do centro, na actualidade e dende hai moitos anos emprégase o galego en toda a documentación administrativa e de xestión do Centro: actas de Claustro, Consello Escolar reunións de traballo, libros de rexistro, material de avaliación, correspondencia, circulares, Memoria de Centro, programacións e outros documentos da secretaría. As comunicación, páxina web do centro, avisos nos distintos taboleiros de novas e os rótulos das distintas dependencias escríbense sempre en galego.

Promóvese tamén o galego en todas as actividades complementarias e conmemoracións que se celebran ao longo do curso.

En canto ás relación sociais dentro de comunidade educativa emprégase o galego minoritariamente nas reunión de Claustro e de Consello Escolar, na relación entre os profesores/as, nas relación entre o Centro e as distintas institucións do contorno. Os alumnos/as comunícanse en castelán entre eles e cos outros membros da comunidade educativa. Aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, DVD...), o centro continúa no PLAMBE o que supón un aumento no orzamento de biblioteca.

De todo isto despréndese que o uso do galego está normalizado a nivel escrito e na lectura mais non a nivel oral nin nas relacións interpersoais.

En canto á escritura espontánea entre os alumnos/as destaca o predominio da comunicación segundo os usos da zona sobre o emprego normativizado da lingua galega (ortografía, léxico...) Partindo desta situación, e dado que a escola ten un papel fundamental como lugar para aprender a lingua, convén fixar as actividades encamiñadas a corrixir as eivas sobre todo ortográficas, fonéticas e de léxico e que favorezan o gusto pola lingua, para poder usala correctamente en todas as situación comunicativas.

3.5.1. Educación infantil

En Educación Infantil iniciase o contacto coas linguas e culturas diferentes da familiar, fomentando en nenos e nenas as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultura, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Promóvense así o diálogo e a convivencia democrática.

O profesorado emprega o galego e o castelán como linguas de comunicación nas actividades e tarefas escolares, na procura dunha competencia nas dúas linguas por igual, aínda que con predominancia no uso do castelán sobre todo nas actividades de aproximación á lectura e á escritura, por ser esta a lingua materna maioritaria segundo se extrae das respostas á enquisa que se fai ás familias do alumnado de tres anos no momento da formalización da matrícula.

O profesorado desta etapa usará na aula a lingua castelá, por ser a lingua materna predominante entre o alumnado e a súa contorna.

Fomentarase a adquisición progresiva da fala, lectura e da escritura en galego, de xeito que o alumnado acade unha competencia que lle permita comunicarse

normalmente en galego co alumnado e o profesorado na medida da súa etapa educativa.

En relación á lingua estranxeira nesta etapa, a lingua de relación é basicamente o castelán, aumentando progresivamente as situacións de uso oral da lingua inglesa como lingua de comunicación, conforme aos avances e progresos de cada nivel. A lingua inglesa emprégase nas clases desta materia.

Plantexamos atendendo ao novo currículo da LOMLOE para Galicia unha breve introdución á linguaxe de signos que teña continuidade na seguinte etapa, Educación primaria, sempre que o profesorado acade primeiro a formación necesaria para introducirmos neste proxecto e teñamos aprobación por parte das familias.

3.5.2. Educación primaria

Atendendo ao artigo 6.2.do Decreto 79/2010,de plurilingüístico, as áreas de lingua impartiranse no idioma de referencia.

A distribución das linguas nas que se imparten as materias é a seguinte

- Lingua Galega e Literatura: Impártese en galego.
- Obradoiro de lingua galega (4ºEP): Impártese en galego (durante o curso 22/23)
- Lingua Castelá e Literatura: Impártese en castelán.
- Lingua Estranxeira-Inglés: Impártese en inglés.
- Ciencias Naturais: impártese en galego.
- Matemáticas: impártese en castelán.
- Educación Física: Emprégase a lingua galega.
- Música: Impártese en castelán.
- Plástica: Impártese en inglés como parte do programa de seccións bilingües no ciclo segundo e terceiro sendo bilingüe compartida con lingua castelán. Proporase este ano engadir as seccións bilingües nos cursos restantes, primeiro e segundo do primeiro ciclo.
- Relixión: Impártese en castelán.
- Proxecto competencial: Impártese en castelán.
- Valores Sociais e Cívicos: Impártese en castelán.
- Comprensión lectora para resolución de problemas (6ºEP): Impártese en castelán.

4. Obxectivos

O obxectivo principal deste Proxecto é o progreso do alumnado nas catro destrezas básicas e instrumentais das linguas: escoitar, ler, falar e escribir, en definitiva, acadar a mellora das competencias lingüísticas nas dúas linguas oficiais e na lingua estranxeira que se imparten no centro, así como valorar o uso da lingua galega impulsando a oralidade en todas as situacións de comunicación que se presenten no centro e na contorna social.

Enténdese a planificación lingüística no ámbito educativo como un proceso meditado e consensuado, baseado na consecución duns obxectivos realistas a curto, medio e longo prazo, que leve ao alumnado a acadar os obxectivos lingüísticos recollidos na lexislación, independentemente de cal sexa a súa lingua inicial. A planificación debe garantir:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal xeito que se favorezan os contextos nos que se exprese nela.
- Que todo o alumnado adquira unha boa competencia en castelán e galego.
- Que todo o alumnado logre unha mellora da competencia na lingua inglesa como lingua estranxeira.

4.1. Obxectivos de Dinamización Lingüística

4.1.1. Con relación ao centro

1. Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.
2. Concienciar ao alumnado da importancia do uso da nosa lingua.
3. Utilizar a Lingua Galega nas relacións internas do Centro: reunións, actas, sinalizacións do Centro, publicacións.
4. Fomentar a formación de grupos de traballo e fomentar a colaboración interdisciplinaria para a realización de actividades que promovan o uso da lingua

galega.

5. Mellorar a competencia lingüística dos membros da Comunidade Educativa.
6. Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do Centro: escritos, circulares, xestión administrativa,... Aumento progresivo do emprego do galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao Centro.
7. Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia. Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas.
8. Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos.
9. Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
10. Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita das súas actuacións.
11. Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
12. Promocionar as festas tradicionais galegas.

4.1.2. Con relación ao alumnado

- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades educativas.
- Comprender diferentes tipos de mensaxes valorando o seu uso en situacións e contextos diferentes.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como medio para analizar, comprender e organizar saberes e feitos de calquera tipo.
- Saber ler con fluidez, comprender e manter unha actitude crítica, tendo sempre presente que a lectura é unha fonte de pracer.

4.1.3. Con relación ao alumnado sen dominio das linguas

No caso de alumnos/as con dominio lingüístico insuficiente, valorarase polo titor, mestre de PT, ou de AL, o orientador... o grao de dificultade que representa para o seguimento do proceso de aprendizaxe.

Segundo o resultado desa valoración, estableceranse as medidas que

correspondan, entre as que se relacionan a continuación:

- a. Atención individualizada nas clases das materias impartidas na lingua, ou linguas, nas que se amosan as dificultades.
- b. Reforzo educativo, coa utilización de material didáctico adaptado á necesidade detectada.
- c. Apoio na aula por parte de profesorado ou de especialistas de PT ou AL (case inexistente neste curso por falta de persoal e medios tendo en conta o aumento de casos con necesidades educativas no centro).
- d. Apoio fóra da aula por parte dos mestres/as de PT ou AL(tamén minimizado polo expresado no apartado anterior)previo informe da orientadora.

4.1.4. Con relación ao profesorado

Tendo estas destrezas presentes debemos potenciar o interese dos alumnos pola nosa cultura e pola nosa lingua, de xeito que o profesorado deste Centro ten unha importante tarefa en canto a que:

- Proporcionará toda aquela información que considere necesaria para a motivación do alumnado cara ao galego. Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego
- Promoverá o traballo en equipo tanto nas aulas como con niveis do seu propio ciclo ou doutros do Centro. Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.
- Fomentará o traballo cooperativo entre o grupo de alumnos da súa clase por medio do diálogo para facilitar a integración de todos aqueles que descoñezan a lingua galega.
- Promover un uso maior do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Promover un maior uso das novas tecnoloxías entre o profesorado.
- Tentar que o profesorado acada plena competencia para desenvolver a súa labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Contar con actividades diarias permanentes en galego.
- Promover a oralidade nas tres linguas.

- Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular dentro da aula de xeito coloquial.
- Diseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a participación en campañas de animación á lectura programadas polo EDLG e pola Biblioteca.
- Fomentar o gusto pola lectura dinamizando ao alumnado na hora de ler.
- Utilizar a información como canle de promoción da lingua galega.
- Potenciar a valoración positiva do uso do galego en todos os ámbitos da actividade educativa.
- Utilizar a Lingua Galega nas relacións internas do Centro: reunións, actas, sinalizacións do Centro, revistas e publicacións.
- Fomentar a formación de grupos de traballo e fomentar a colaboración interdisciplinaria para a realización de actividades que promovan o uso da lingua galega.

4.1.5. Con relación á lingua castelá

- a. Informar ao profesorado das actividades de formación sobre lingua castelá.
- b. Dotar ao profesorado dos materiais e recursos necesarios (dicionarios, gramática, recursos TIC, repositorio Abalar...).
- c. Solicitar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- d. Propiciar a participación en actividades e visitas culturais que favorezan a aprendizaxe do idioma.
- e. Promover desde a biblioteca do centro a realización do Proxecto anual de investigación, así como outras actividades de fomento da lectura.
- f. Fomentar o gusto pola lectura dinamizando ao alumnado na hora de ler.
- g. Difundir as actividades propostas na concreción anual do Plan Lector.

4.1.6. Con relación á lingua estranxeira (inglés)

- a) Informar dos cursos e actividades de formación sobre lingua inglesa.
- b) Solicitar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado, que se precise.
- d) Potenciar a realización de actividades de comunicación oral nas clases.
- e) Potenciar a realización de actividades en lingua inglesa, no marco das

actividades xerais do centro (celebracións, festivais...).

- f) Utilizar recursos audiovisuais e Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- g) Informar ás familias das actividades de inmersión lingüística convocadas pola Consellería de Educación e outras entidades.
- h) Informar ás familias da oferta de seccións bilingües nas materias que corresponda, así como do programa de auxiliar de conversa para as mesmas.
- i) Dar continuidade ao proxecto de seccións bilingües contando escoitado o claustro e co apoio do consello escolar.
- j) Mellorar a competencia en lingua inglesa e o coñecemento da cultura anglosaxona do alumnado e do profesorado a través da persoa auxiliar de conversa.
- k) Contribuír desde as seccións bilingües e a persoa auxiliar á difusión e coñecemento dos aspectos máis relevantes e característicos da cultura anglosaxona.

4.2. Dominio das dúas linguas oficiais para alumnado estranxeiro ou doutras comunidades autónomas

Como medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio das dúas linguas oficiais para o alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países estranxeiros con nulo ou insuficiente coñecemento da lingua galega, o departamento de Orientación tomará as seguintes medidas:

-Entregará ou adaptará material axeitado á situación sociolingüística e escolar do alumno.

-Lerá textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica, así como a velocidade lectora en lingua galega. No caso de que as materias que este alumnado teñan que ser impartidas en lingua galega, o departamento de orientación, coa colaboración co EDLG, adoptará medidas encamiñadas a que poidan aproveitar as ensinanzas que se imparten.

Concretaranse en:

- Entrega de material apropiado á situación lingüística e escolar do alumnado.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada segundo a idade e curso, para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como

as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

- Información ás familias sobre o dereito a solicitar a exención de cualificacións en lingua galega para o alumnado de 5º e 6º de primaria.

5. Liñas de actuación

- Colaboración coa ANPA, ofrecéndolles asesoramento lingüístico e actividades en común que fomenten o uso do galego.
- O profesorado pode transmitir mediante reunións de tutoría cos pais, conversas informais, pautas e observacións, a idoneidade do bilingüismo para calquera neno.
- Levar a cabo conversas e debates nos que se explique a natural adquisición de dúas linguas por parte do alumnado.
- Cada unidade integrarase na zona e na súa realidade con visitas que permitan coñecer a nosa contorna, historia, etnografía,...
- A cultura estará presente na hora do conto e na sesión de lectura no Centro.
- Dotar de material bibliográfico que axude a resolver calquera dúbida referente ao galego, así como dicionarios de aula, libros de gramática, material audiovisual e informático en galego, correctores, páxinas web relacionadas coa nosa lingua e a nosa cultura.
- Colaborar co EDLG do Centro nas actividades , facéndoas máis elaboradas e motivadoras.
- Dispor da normativa ortográfica actualizada.
- Instalar software en galego e inglés
- Empregar unha metodoloxía activa e motivadora.
- Promover o uso da lingua galega en actividades non estritamente escolares (nos patios, á saída e entrada do centro,...)
- Utilizar o material didáctico motivador axeitado ao nivel do alumnado.
- Para traballar memoria visual-auditiva-verbal, achegalos á música, ás tradicións galegas, literatura popular, adiviñas, trabalinguas, xogos tradicionais, radio....
- Procurar que os contacontos e ilustradores que veñan ao centro empreguen a lingua galega.
- Por a disposición da comunidade educativa obras sobre o bilingüismo e as súas vantaxes.
- Motivar á ANPA sobre o uso do galego nas actividades extraescolares que se levan a cabo no Centro facilitándolles toda a axuda que precisen.

- Traballo de dinamización dirixido a eliminar prexuízos e fomentar o uso do galego, tanto na vida do centro como nas aulas.
- Recuperación das festas de carácter anual e tradicional (Magosto, Entroido, Samaín, Maios...) salientando a vertente dinamizadora.
- Difusión e organización no centro das diferentes iniciativas que o Concello de Cambre, a Xunta de Galicia ou calquera outro organismo poidan ofrecer.
- Realización dunha enquisa ao alumnado de Educación Infantil e primaria de nova incorporación, para coñecer os seus hábitos lingüísticos e os das súas familias.
- Realización de sesións de lecturas voluntarias en galego e breves obras de teatro na biblioteca , en tempos de lecer .
- Colaboración na preparación dunha obra de teatro por parte do alumnado de Educación Infantil e Primaria.
- Consulta periódica de catálogos de novidades editoriais.
- Organización e celebración da Semana das Letras Galegas con murais elaborados polo alumnado do Centro.
- Investigación e proxecto sobre o/a autor/a homenaxeado no día das Letras Galegas.
- Elaboración das unidades didácticas, co material complementario correspondente, para o estudo de personaxes ilustres ou de temas relacionados coa lingua e cultura galegas.
- Proposta de adquisición de libros, aplicacións informáticas e outros materiais en lingua galega.
- Fomentar a valoración das tradicións e da necesidade de conservalas facendo partícipe a toda a comunidade educativa tanto das celebracións como da súa preparación.
- Promover a coordinación entre o profesorado para a distribución axeitada en cada nivel dos contidos comúns ás tres linguas que se imparten no centro, co xeito de evitar reiteracións.
- Organización de eventos, obras de teatro, exposicións nos que a lingua inglesa sexa a lingua vehicular.
- Presentación de libros na biblioteca editados nos distintos idiomas ao longo do curso escolar.
- Relación cos EDLG doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.
- Realización, a ser posible, de obras de teatro en galego.

- Realización de intercambios con outros centros de alumnado maioritariamente galegofalante para activar as competencias comunicativas do alumnado.
- Realización de proxectos europeos a través de eTwinning colaborando con centros doutros países.
- Elaboración dun proxecto para iniciar ao alumnado e profesorado na linguaxe de signos, facendo partícipes no mesmo ás familias e ao resto da Comunidade Educativa.

O Equipo de Dinamización Lingüística elaborará cada curso un proxecto de actividades para incorporar á Programación Xeral Anual no que se irán concretando os obxectivos recollidos neste Proxecto.

6. Recursos humanos e materiais

Os recursos humanos engloban profesorado, ANPA, Dirección Xeral de Política Lingüística e outros centros da contorna, máis os efectivos de especialistas ante o aumento de casos con Necesidades Educativas Especiais (NEE) e a ocupación total do horario de efectivos humanos para solventar a problemática presentada, fai case imposible a atención en mellores condicións aos casos con problemas de adquisición de linguas (para estranxeiros, alumnos doutras comunidades e outros casos).

Os recursos materiais están a renovarse tanto en volumes de biblioteca como software, novas pizarras dixitais, novos ordenadores, etc. Un proceso lento se temos en conta os importes das novas tecnoloxías e o balance económico dos centros. Recibiuse este ano material novo para a creación da aula de Polos Creativos que agardamos axude na nosa labor para dinamización das linguas.

7. Distribución lingüística curricular

Recalcado con anterioridade o emprego do castelán como lingua predominante no uso oral e escrito, o reto do alumnado é consolidar a competencia na súa lingua materna máis adquirir a mesma na outra lingua oficial, e tendo en conta a introdución nunha lingua estranxeira

7.1. Educación infantil

Seguindo o Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia no seu artigo 5º para a Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha enquisa que se efectuará, no momento da matrícula aos pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a. Segundo os cuestionarios que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos segue sendo predominantemente o castelán a súa lingua materna, e a segunda lingua, o galego, será introducido paulatinamente con actividades tipo como as seguintes:

- Xogos interactivos Os típicos xogos de toda a vida, nos que se combinan as rimas, os xestos e o neno ten que responder ou continuar unha frase.
- Debuxos e fotos. Ver e comentar cos nenos e nenas, debuxos e fotos de obxectos cotiáns para ampliar o vocabulario, ademais das imaxes en foto, tamén mostraremos obxectos reais. Utilizamos tamén fotos de familiares e deles en diferentes etapas da súa vida.
- Contos. Utilizar contos adaptados á idade dos nenos/as, escoitalos, respostar a preguntas sobre as ilustracións, etc.
- Ten especial importancia o papel da biblioteca para que leven libros para as casas en galego e así implicamos ás familias que llos lean.
- Cancións e ladaíñas. Aproveitar que aos nenos e nenas lles encanta escoitar cancións en ladaíñas con ritmos sinxelos, primeiro lembrando a sílaba final dunha palabra e xestos hasta repetir partes completas de cancións. Así ampliando o vocabulario.
- Monicreques e Marionetas. Aproveitar actividades de teatro, dado que lles son moi interesantes como forma de comunicarse, tanto polo interese que espertan como polo desexo de contestarlles. Ir introducindo o galego nas dramatizacións así como en diversos xogos de rol.
- Exercicios logopédicos. Para desenvolver unha boa linguaxe oral, é fundamental que o neno faga exercicios de articulación e pronunciación.

Actividades tipo para a introdución da lingua inglesa:

- Flashcards Songs and chants Vídeos Xogos cooperativos

7.2. Educación primaria

No seu artigo 6º para a Educación Primaria, garántese a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Asemade, o noso centro garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma hora de porcentaxe de horas semanais, quedando impartidas segundo se reflexa no cadro da seguinte páxina.

ÁREA	1ºEP		2ºEP		3ºEP		4ºEP		5ºEP		6ºEP	
	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G	C	G
L. Castelá e Literatura	4		4		4		4		4		4	
L. Galega e Literatura		4		4		4		4		4		4
Matemáticas	5		5		4		4		4		4	
C. Natureza		3		2		3		2		3		2
C. Sociais		2		3		2		3		2		2
E. Física		2		2		2		2		2		2
Musica e Danza	1		1		1		1		1		1	
Relixión/ P.competencial	1		1		1		1		1		1	
E. en valores cívico- sociais												1
SUBTOTALS HORAS C/G	1 1	1 1	1 1	1 1	1 0	1 1	1 0	1 1	1 0	1 1	1 0	1 1
L. INGLESA	2		2		3		3		3		3	
E. PLASTICA Bilingüe	1		1		1		1		1		1	
TOTAL HORAS	25		25		25		25		25		25	

8.-Criterios para o seguimento e avaliación do proxecto

Ao longo de cada curso escolar farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas en cada unha das dúas linguas oficiais e na lingua estranxeira.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación e interese.